

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 16 DE DECEMBRO DO 2021.

ASISTENTES:

<p>Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p>Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten:</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Dezaseis de Decembro do Dous mil vinte e un, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 09/12/2021

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202112/202

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 14/12/2021 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO LOTE 2: MONTACARGAS E DO LOTE 3: ESCALEIRAS MECÁNICAS DO CONTRATO DENOMINADO "SERVIZOS DE MANTEMENTO DE ASCENSORES, MONTACARGAS, ESCALEIRAS MECÁNICAS E PORTAS AUTOMÁTICAS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA E CENTROS ESCOLARES"



3.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 23.11.2021:

20426 15.11.2021 MARÍA LIJÓ GONZÁLEZ, colocar minionda en el lateral del edificio, rúa Cristóbal Colón, 37, Ribeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 09.12.2021:

14114 12.08.2021 FRANCISCA REIRÍZ TEIRA, instalación de paneles fotovoltaicos, en lugar de Muiño de Correa, núm. 17, Oleiros.
 20588 17.11.2021 M^a CARMEN LAMPÓN AGRELO, mejora energética de la vivienda y reparación de cubierta, en rúa da Cerca, 6, Aguiño.
 20662 18.11.2021 FRANCISCO JOSÉ CASTRO GUDE, cierre de finca en Mámoa, Carreira.
 20731 19.11.2021 SERAFÍN SOUTO REGO, renovación tejado de alpendre, en Lombas, 31-B, Palmeira.
 20755 18.11.2021 FRANCISCO JOSÉ TUBIO TRIÑANES, construción de invernadero en Peteiras, Aguiño.
 20704 19.11.2021 EMILIO AYASO DIAZ, reforma interior de vivienda, en rúa Falcato, 13, Corrubedo.

4.- LICENZA MUNICIPAL para ampliación e reforma interior DE NAVE INDUSTRIAL FRINSA 4, FRINSA 5 E FRINSA 6. UBICACIÓN: AVDA. RAMIRO CARREGAL REY, PARCELAS 29, 30, 31, 32, 33, 48 POLÍGONO INDUSTRIAL XARÁS, RIBEIRA. PROMOTOR: FRINSA DEL NOROESTE, S.A. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 892.808,00€

VISTA a solicitude de licencia urbanística presentada por **FRINSA DEL NOROESTE, S.A.** para **AMPLIACIÓN E REFORMA INTERIOR DE NAVE INDUSTRIAL “FRINSA 4”, “FRINSA 5” e “FRINSA 6”**, sitas en parcelas con ref^a catastral nº 0339101NH0103N0001WW (Parcelas nº 29, 30, 31 e 32), nº 0339105NH0103N0001GW (Parcela 33) e nº 5074A938015780000UU (Parcela 48), na Avda. Ramiro Carregal Rey no Polígono Industrial de Xarás, Ribeira, nos termos do Proxecto Básico de ampliación e reforma interior de nave industrial “FRINSA 4”, “FRINSA 5” e “FRINSA 6”» visado polo ICOIIG de día 19 de novembro de 2021 redactado por D. M. Alejandro Reino Río, Enxeñeiro Industrial, (enxeñeiro industrial col. nº 1.201)

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do informe técnico emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga con sinatura dixital de día 24 de novembro de 2021, o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día 30 de novembro de 2021, do técnico de administración xeral de data 2 de decembro de 2021, e do secretario xeral da Corporación de data 7 de decembro de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **FRINSA DEL NOROESTE, S.A. LICENZA DE OBRAS (Nº 35/21)** para **AMPLIACIÓN E REFORMA INTERIOR DE NAVE INDUSTRIAL “FRINSA 4”, “FRINSA 5” e “FRINSA 6”**, sitas en parcelas con refª catastral nº 0339101NH0103N0001WW (Parcelas nº 29, 30, 31 e 32), nº 0339105NH0103N0001GW (Parcela 33) e nº15074A938015780000UU (Parcela 48), na Avda Ramiro Carregal Rey no Polígono Industrial de Xarás, Ribeira, nos termos do Proxecto Básico de ampliación e reforma interior de nave industrial “FRINSA 4”, “FRINSA 5” e “FRINSA 6”, visado polo ICOIG de día 19 de novembro de 2021 redactado por D.M. Alejandro Reino Río, Enxeñeiro Industrial, (enxeñeiro industrial col. nº 1.201):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo ICOIG, que deberá conter xustificación do cumprimento do R.I.T.E (I.T 1.1.4.2).**
- Deberá incorporarse ao expediente a resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.**

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra presentarase **comunicación previa de inicio de actividade**, realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado, que deberá conter:

- **Certificado Final de Obra visado polo ICOIG.**
- **Xustificación da Xestión efectuada cos RCDs xerados.**
- **Protección contra a contaminación acústica: de conformidade co previsto no artigo 11 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, deberá dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo anexo.**

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- **A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.**



- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de



reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

5.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA BAIXA ,PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA E BAIXO CUBERTA PARA CATRO (4) VIVENDAS, CATRO (4) PRAZAS DE GARAXE E ROCHOS. UBICACIÓN: RÚA RUEIRO, Nº 10, ESQUINA COA RÚA FORNO PALMEIRA (RIBEIRA). PROMOTOR: GESTISER IMPORT S.L. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 198.342,14 €

VISTA a solicitude de licencia urbanística presentada pola entidade **GESTISER IMPORT SL** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA E BAIXO CUBERTA PARA CATRO (4)VIVENDAS, CATRO (4) PRAZAS DE GARAXE E ROCHOS, RÚA RUEIRO, Nº 10, ESQUINA COA RÚA FORNO PALMEIRA (RIBEIRA).**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira os días 30 de xullo e 6 de outubro de 2021, do arquitecto municipal de data 26 de novembro de 2021, o contrato de cesión asinado o día 26 de novembro de 2021 por D. Jesús Lozao Rey actuando en nome e representación de GESTISER IMPORT S.L., (CIF B70251384), o informe do técnico de administración xeral de data 30 de novembro de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 30 de novembro de 2021,** considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO:**



PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **GESTISER IMPORT S.L. LICENZA DE OBRAS (Nº 36/21)** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA CATRO (4) VIVENDAS, CATRO(4)PRAZAS DE GARAXE E ROCHOS**, distribuido en **planta baixa con destino a catro (4) prazas de garaxe, planta primeira con destino a dúas (2) vivendas, planta segunda con destino a dúas (2) vivendas e baixocuberta con destino a rochos**, en parcela con refª catastral nº 3647401NH0134N0001II sito na Rúa Rueiro nº 10, esquina coa rúa Forno, Palmeira, Ribeira, nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2021, Anexo de novembro de 2021 redactados por D. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451).

SEGUNDO:-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos e que deberá conter:

- *Unha revisión das alturas da edificación proposta, xa que a lo menos non se cumpre coa altura máxima de coroación nos alzados. A altura máxima de coroación da edificación é 13,60 metros (9,6 m+ 4,0 m). Desta forma é preciso corrigir a indicación das alturas incorrectas nos planos de alzado é sección (Planos A11, A12 e A13), modificando ademais a proposta de alzado da edificación para o cumprimento deste parámetro e revisando as incongruencias entre seccións e alzados.*
 - *Unha corrección da memoria urbanística que é o voo máximo e proposto para a rúa Rueiro é de 80 cm.*
 - **NA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE:**
 - *Completar a xustificación da Lei 10/2014 de Accesibilidade de Galicia, xa non se xustificou a sección 3ª do capítulo II da dita norma. Ademais as zonas de refuxio grafadas nos planos non cumpren coa características esixidas polo CTE-SI, xa que non contan coa resistencia ao lume suficiente (EI120).*
 - *Xustificar o cumprimento do Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, que se aprobou mediante o Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro. Non se achegou co anexo como se expón na resposta ao requirimento.*
 - **NA NORMATIVA DE INCENDIOS CTE DB-SI:**
 - *Revisar a xustificación na memoria do SI1, xa que a lo menos os usos de aparcamento deben constituír sectores de incendio e ter unha resistencia ao lume dos seus elementos de EI 120, segundo a táboa 1.2 do SI1. Ademais nos planos de incendios da planta baixa (SI-01) e da planta baixo cuberta (SI- 04), non se indican a resistencia ao lume de todos os paramentos.*
 - *Revisar os locais de risco especial, xa que a lo menos é preciso engadir os aparcamento, xa que non exceden dos 100 m² e os rochos do baixo cuberta, xa que exceden no seu conxunto dos 50m².*
 - *Revisar o risco de propagación vertical, do punto 3 apartado 1 do SI2, xa que o edificio conta con dous sectores de incendio.*
 - *Xustificar os puntos 4, 5 e 6 apartado 1 do SI2.*
 - *Revisar a xustificación do apartado 2 do SI2, xa que se transcribe a norma de aplicación, pero non se indica o material nin se xustifica o cumprimento da cuberta proposta.*
- Revisar a xustificación do apartado 2 do SI4, xa que o Documento Básico require para a sinalización das instalacións manuais de protección contra incendios da xustificación do Regulamento de instalacións de protección contra incendios, aprobado polo Real Decreto 513/2017, de 22 de maio.*



- Xustificar a resistencia ao lume dos elementos estruturais da vivenda, como require o apartado 6 do SI6.
- Revisar os planos de cumprimento do CTE DB-SI, xa que a lo menos non conta coa sinalización das instalacións manuais de protección contra incendios, un extintor na Garaxe 01 e na planta baixo cuberta a indicación da resistencia ao lume dos elementos que conforman os sectores de incendio e/ou locais de risco especial.
- **NA NORMATIVA DE HABITABILIDADE:**
- Revisar a porta de acceso ao portal dende a Garaxe 02, xa que invade a área de acceso ao ascensor que require o punto I.B.3.1.3.a. do Anexo I das NHV, no plano A06.
- Revisar as prazas de aparcamento grafadas no proxecto, xa que en función da dimensións esixidas polo punto I.B.5.3.1. do Anexo I das NHV, a proposta tan só admite 4 prazas de aparcamento.
- Revisar a superficie do dormitorio, baño e lavadoiro tendal das vivendas P1ºB e P2ºB, ao non alcanzar a superficie mínima que require o Anexo I das NHV, xa que non son computables os espazos cun largo mínimo entre paramentos inferior a 2,60 m para o dormitorio, de 1,60 m para o baño e de 1,20 m para o lavadoiro tendal.

TERCEIRO:-En relación a superficie de cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñacións de 43,94 m²), deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 2.007,37 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**

CUARTO:-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade.**

QUINTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

SEXTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Un certificado de instalación eléctrica e o xustificante da súa inscrición no rexistro autonómico correspondente*
- *Un certificado de instalacións térmicas e o xustificante da súa inscrición no rexistro autonómico correspondente.*
- *Un certificado da instalación de gas e xustificante da inscrición no rexistro autonómico correspondente das instalacións de gases combustibles.*



- *Un certificado da empresa instaladora dos sistemas de protección contra incendios.*
- *Certificado final de obra de Instalación das Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións.
Boletín de enganche da Instalación das Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións co Protocolo de probas da Instalación das Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións selado pola Xefatura de Inspección de Telecomunicacións correspondente.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*
- *Comunicación da xestión dos residuos da construción e demolición*

SÉTIMO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*



- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

OITAVO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO PRIMEIRO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO SEGUNDO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.



- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

6.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – José Antonio García Callón

Visto o escrito presentado por **José Antonio García Callón**, de data 19/11/2021 (Registro de entrada nº 20.753), no que solicita información urbanística en relación á parcela situada en Aguiño.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 09/12/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca de referencia catastral 8682203MH9088S0001FP que está clasificada como **SUELO URBANO RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR COLECTIVA en HILERA (Art. 156)**, con las siguientes determinaciones:

Que la parcela objeto de este informe está afectada por la clasificación de acuerdo con la siguiente Ordenanza:

Artículo 156: Ordenanza 6.2 - Residencial extensiva colectiva en hilera.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano poco densificadas de los núcleos urbanos apoyándose sobre la red viaria tradicional, en las que se localizan viviendas colectivas adosadas a medianeras existentes, pareadas o aisladas con jardines en la parte de sus parcelas no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda colectiva

Usos admisibles: sólo se admitirán además del uso característico, los terciarios que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, es decir, sólo se admitirán las oficinas, comercios y talleres de nivel de compatibilidad similar al doméstico.

1.3. Tipologías edificatorias



Vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera, que deberán justificar sus condiciones tipológicas para garantizar la integración de las nuevas edificaciones con las preexistentes.

Esta justificación será extensible a las condiciones geométricas, de la edificación, en coherencia con las condiciones generales de parcela.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 200 m²

Frente mínimo: Será de 10 m. pudiéndose autorizar la edificación en parcelas con frente menor 8 m. en el caso de viviendas adosadas a medianeras existentes o pareadas.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos 3 metros y podrá retranquearse de la alineación hasta un máximo de 8 metros, pudiéndose adosar con uno de los colindantes previo acuerdo por escrito de las partes y obligándose a adosar en el caso de existir una edificación con medianera existente sobre dicha parcela; en caso de existir dos medianeras sobre una misma parcela, no se obligará a tener un frente mínimo de 8 metros, ni las demás condiciones de edificación.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se permite la planta sótano, con ocupación de toda la parcela para aparcamientos y servicios.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coronación: será de 4,00 metros sobre el último forjado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que la 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se adoptarán soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Alineaciones: La parcela está afectada por alineaciones y está sujeta a cesiones.



**7.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS JOSÉ FRANCISCO REGUEIRA ÁLVAREZ
.UBICACIÓN: FINCA 427, POLÍGONO 26, LUGAR DE COBASA, AGUIÑO, RIBEIRA**

VISTA a solicitude de licenza de segregación de fincas presentada por **D. José Francisco Regueira Álvarez, (D.N.I 33.200.869-R)**, en escritos rexistrados de entrada os días 8 de xullo, 29 de outubro e 30 de novembro de 2021, (Rexistro de entrada nº 12.121, 19.524 e 21.380), da Finca 427, Polígono 26, sita no **lugar de Cobasa, Aguiño, Ribeira** con refª catastral nº 15074A026004270000KX, achegándose Estudio técnico de segregación de fincas de abril de 2021, Certificado de superficie e levantamento topográfico de xullo de 2021, Anexo I ao estudio técnico de segregación de outubro de 2021, Anexo II ao estudio técnico de segregación de novembro de 2021 redactados por D. Cándido Rodríguez Giráldez, (enxeñeiro técnico agrícola col. nº 869) así como Escritura de Propiedade e Acta de subsanación de discrepancias entre catastro e a realidade física redactados por D. Cándido Rodríguez Giráldez, (enxeñeiro técnico agrícola col. nº 869).

VISTO o **informe técnico** emitido polo **arquitecto técnico** Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **30 de novembro de 2021**.

ACREDITADO que consta no expediente **acta e plano de cesión** emitido emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con data **1 de decembro de 2021**, así como **contrato de cesión** asinado o día **3 de decembro de 2021** por **D. José Francisco Regueira Álvarez, (D.N.I 33.200.869-R)**, polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira unha superficie total de cesión de **111,00 m²**, resultando na franxa sita no lindeiro da finca A unha superficie de cesión de 22,00 m², no lindeiro da finca B unha superficie de cesión de 57,00 m², no lindeiro da finca C unha superficie de cesión de 14,00 m², no lindeiro da finca D unha superficie de cesión de 14,00 m² para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **3 de decembro de 2021**

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **7 de decembro de 2021**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL C**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a **D. Sr. José Francisco Regueira Álvarez** a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 10/21)** con refª catastral nº 15074A026004270000KX, con refª rexistral, tomo 926, libro 232, finca 19.768, sita no lugar de Cobasa, Aguiño, Ribeira, nos termos do Anexo II ao estudio técnico de segregación de novembro de 2021 redactado polo



Sr. Cándido Rodríguez Giráldez, (enxeñeiro técnico agrícola col. nº 869), resultando finalmente catro (4) fincas de modo que:

-FINCA MATRIZ:

Finca con refª catastral nº 15074A026004270000KX, con refª rexistral, tomo 926, libro 232, finca 19.768, que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 3.565,00 m², e de acordo co certificado de superficie e levantamento topográfico de xullo de 2021 polo técnico redactor é de 4.077,00 m² que linda: Norte camiño vecinal; Sur Mª Fernández Sampedro; Leste camiño vecinal; Oeste Manuel Lampón Ayaso e Mercedes Santamaría González, esquina rúa Viscanso coa rúa Punta da Barca.

-FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

-FINCA A que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 1.008,00 m², unha superficie de cesión de 22,00 m² resultando unha superficie neta de 986,00 m², que linda: Norte camiño vecinal; Sur finca B e finca C resultante da segregación; Leste camiño vecinal; Oeste finca con refª catastral nº 15074026004290000KJ, Sr. Manuel Lampón Ayaso.

-FINCA B que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 1.010,00 m², unha superficie de cesión de 57,00 m² resultando unha superficie neta de 953,00 m², que linda: Norte camiño vecinal e en parte finca A resultante da segregación; Sur finca C resultante da segregación e rúa Punta da Barca; Leste rúa Viscanso e rúa Punta da Barca; Oeste finca A e finca C resultante da segregación.

-FINCA C que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 1.026,00 m², unha superficie de cesión de 18,00 m² resultando unha superficie neta de 1.008,00 m², que linda: Norte finca A e finca B resultante da segregación; Sur finca D resultante da segregación e rúa Punta da Barca; Leste finca B resultante da segregación e rúa Punta da Barca; Oeste finca D resultante da segregación e en parte finca con refª catastral nº 15074A026004280000KI.

-FINCA D que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 1.033,00 m², unha superficie de cesión de 14,00 m² resultando unha superficie neta de 1.019,00 m², que linda: Norte finca C resultante da segregación e en parte finca con refª catastral nº 15074A026004280000KI; Sur rúa Punta da Barca; Leste finca C resultante da segregación; Oeste finca con refª catastral nº 15074A02600426000

SEGUNDO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou*



- penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

8.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL LAJAREU POR BARLOVENTO.

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes, Javier Sampedro Ageitos, de data 07/12/2021, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Lajareu por Barlovento.

VISTO que o obxecto do devandito convenio é para a organización e colaboración nas actividades de vela tradicional durante o ano 2021.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 07/12/2021.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Lajareu por Barlovento; cunha consignación por importe de 2.000,00 € na aplicación orzamentaria 341-48004 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

9.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TEMPADA EN TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL. SOLICITANTE: DAVID FUENTES REQUEIJO

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada en data 19 de abril de 2018, aprobou o acordo de adxudicar os postos que se indican a continuación para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2018, 2019, 2020 e 2021, nas condicións sinaladas no Prego reitor do expediente e coas obrigas específicas indicadas no artigo 10 do mesmo:

ADXUDICATARIO	POSTO	CANON OFERTADO
José Ángel Rodríguez Álvarez	Coroso 1	1.219,44 euros
Pablo Pérez Escariz	Mosqueiros	776,00 euros



David Fuentes Requeijo	Corna (Modorróns)	608,72 euros
David Fernández Fernández	Coroso 2	1.200,00 euros
Alberto Pérez Doval	Ameixida	1.000,00 euros

David Fuentes Requeijo e David Fernández Fernández presentaron un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 12 de xullo de 2019 (entrada núm. 10.090), mediante o que solicitaron: *“Que se cambie aos titulares, entre si, dos quioscos de Coroso e A Corna, concedéndose as autorizacións para a instalación de ditos quioscos de tempada desmontables ao servizo da praia da seguinte maneira: - Titularidade do quiosco da praia de Coroso a nome de D. David Fuentes Requeijo. - Titularidade do quiosco da praia de A Corna a nome de D. David Fernández Fernández. (...)”*

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 7 de novembro de 2019, acordou: *“(…) a) **Acceder ao solicitado por David Fuentes Requeijo e David Fernández Fernández, tendo en conta que non se causa prexuízo a terceiros e baseándose no principio de conservación de actos e trámites, procedendo ao cambio de titularidade dos postos denominados “Coroso 2” e “Corna-Modorróns”, mantendo as condicións de adxudicación de cada un dos postos, deberes e obrigas. b) Dar traslado do acordo aos interesados, aos servizos económicos municipais e ao Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”***

David Fuentes Requeijo presentou un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 29 de outubro de 2021 (entrada núm. 19.545), mediante o que solicita a devolución da fianza de 1.000,00 €, que correspondería ás tempadas 2018, 2019, 2020 e 2021, depositada ante o Concello de Ribeira, e achega copia dun certificado de titularidade emitido pola entidade bancaria que acredita a titularidade dunha conta bancaria aos efectos da devolución.

Informe favorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 10 de decembro de 2021, a raíz de visita de comprobación efectuada ao lugar de localización da instalación denominada “Coroso 2”.

Informe de fiscalización previa e limitada emitido polo Interventor do Concello de Ribeira ao respecto da solicitude de devolución, de data 13 de decembro de 2021, favorable.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 10 do “PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DE SEIS POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS TEMPADAS DE VERÁN 2018, 2019, 2020 E 2021”, reitor do procedemento, ao respecto das obrigas dos adxudicatarios, o seguinte: *“10ª.- Obrigas dos adxudicatarios.*

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

1) Económicas:

a) *Pago do canon de adxudicación mediante domiciliación bancaria no prazo de dez (10) días dende que adquira firmeza a adxudicación do posto.*

b) *Prestar unha fianza por importe de 250 € por cada tempada, importe total 1.000 €, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias. A tal efecto, a garantía ou fianza estará constituída pola cantidade depositada na Tesourería do Concello. **Para os***



efectos da devolución desta cantidade, o interesado ten a obriga de solicitala por escrito, e poderá solicitar a devolución da parte proporcional que corresponda ao final de cada tempada, ou ben ao finalizar o prazo de autorización (á finalización da tempada de verán 2021). Xunto coa solicitude de devolución deberá achegar necesariamente un certificado da entidade bancaria da conta onde se vai transferir. (...)

Consta no expediente que David Fuentes Requiño (**8147***), adxudicatario inicialmente do posto denominado “Corna”, con posterior cambio de titularidade co posto denominado “Coroso 2”, presentou no Concello de Ribeira unha fianza por un importe de 1.000 € segundo carta de pago de data 13 de abril de 2018, para responder do levantamento das instalacións á extinción do título, da limpeza e doutros aspectos da instalación e evitar a realización de vertidos ás praias.

3. ACORDO

En base ao exposto e vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 13/12/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución solicitada, correspondente ás anualidades 2018, 2019, 2020 e 2021, por un importe de 1.000,00 €, da garantía definitiva depositada no Concello de Ribeira por David Fuentes Requiño.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 09:50 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 16/12/2021
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 16/12/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/12/2021 14:49:53

